

Bulebule

Irene Lorenzo

Jimmy Núñez




Dramaturxia e dirección
Gustavo del Río



Bulebule

Un espectáculo de Os Náufragos teatro sobre a presenza da muller no mar, a diversidade e o TDAH (Trastorno do Déficit de Atención con Hiperactividade).



Bulebule

A **Candela** encántalle o mar e soña con ser patroa dun barco, que quere construír ela mesma. Ser patroa non é unha tarefa doada... e facer un barco tampouco. A Candela gústalle moito pasar tempo co seu amigo **Bruno**, quen vive nun faro e sente verdadeira paixón por compoñer música. Candela, a quen chaman Bulebule, ten **TDAH** (Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade).

Bulebule é unha obra que explora, dun xeito amable, os camiños da igualdade, destacando o esforzo das mulleres por derrubar as barreiras que lles impiden acceder a determinadas profesións.



Sobre a peza

Con Bulebule, **Os Náufragos teatro** segue a estela da súa peza recente máis emblemática: **HUGO**, estreada en FETEN e que foi **Premio María Casares 2022** a mellor espectáculo para a infancia.

HUGO fala sobre o **TEA** (Trastorno do Espectro Autista) e está a ter un notable percorrido, sendo no 2024 unha das 15 propostas internacionais seleccionadas para participar no **Festival internacional de artes escénicas para a infancia e a xuventude** que promove [ASSITEJ International](#), institución de referencia a nivel mundial no ámbito do teatro e das artes vivas para a infancia.

Bogando nesa mesma dirección, **Bulebule** busca navegar tamén polas augas da igualdade e da diversidade, mais dando visibilidade, neste caso, ao **TDAH** (Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade) e destacando a importancia de comprender e valorar as diferenzas.

Sucando os mares das aspiracións de Candela, a obra amosa a súa ilusión e tesón por acadar os seus soños, malia as dificultades que, como grandes ondas, lle impón unha sociedade que non sempre entende a súa incansable enerxía.

Público: Tódolos públicos (a partir de 4 anos).

Duración: 40 min.

Elenco: Irene Lorenzo e Jimmy Núñez

Música: Daniel Valentín

Espazo escénico: Claudia L. Franco

Espazo iluminación: Daniel Pais

Axudantía de dirección: Rebeca Vecino

Axudantía de produción: Antonio Vázquez

Asesoría dramática: Verónica Rego

Dramaturxia e Dirección: Gustavo del Río

Distribúe: Urdime

Sobre a compañía

Os Náufragos teatro é unha compañía, afincada na cidade da Coruña, formada por profesionais da escena que contan cunha experiencia de varias décadas de traxectoria como formadores e creadores escénicos no ámbito infantil e xuvenil. No 2021 cumprimos **20 anos sobre os escenarios**.

Coñecemos ao público infantil e mozo como docentes e tamén como creadores, o que nos permite ter unha **visión completa e panorámica** das súas sensibilidades, singularidades e necesidades educativas, emocionais, sociais e persoais.

Apostamos polos creadores e creadoras galegas e tamén por un teatro plenamente **comprometido co social**, dando visibilidade, desde hai décadas, ás realidades dos colectivos máis vulnerables ou nas marxes.

Desenvolvemos **proxectos adaptados a todo tipo de públicos**, pero que teñen tamén a capacidade de concienciar e sensibilizar, dun xeito amable, sobre a crudeza dos procesos de discriminación e desigualdade que se están dando hoxe nas nosas sociedades.

A nosa compañía xirou intensamente nos últimos anos **dentro e fóra de Galicia e España**, está integrada na RGTA e en Escena Galega, foi apoiada polo INAEM e estivo presente en festivais e circuítos como FETEN, SAREA, o primeiro circuito estatal ASSITEJ ou a Rede de Teatros de Madrid, entre outros moitos.

A nivel internacional, as nosas pezas teñen chegado a países como Portugal, Arxentina, México, Colombia, Cuba ou Uruguai, obtendo moi boas críticas e varios recoñecementos, como a nominación aos Premios Florencio do Uruguai 2023 ou a selección para participar no Congreso Mundial da ASSITEJ 2024.

Contacto

✉ osnaufrogosteatro@gmail.com

☎ +34 639.463.730 (Gustavo del Río).

🌐 www.osnaufrogosteatro.com

📷 [@osnaufrogosteatro](https://www.instagram.com/osnaufrogosteatro)

Distribúe:  **urdime**

✉ info@urdime.net – xestion@urdime.net

☎ 981.937.424 – 653.098.018

🌐 www.urdime.net

📷 [@urdime](https://www.instagram.com/urdime)



Bulebule